

**"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN
PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

**CARACTERÍSTICAS DAS NAVES OU LOCAIS PARA ALMACÉN
MUNICIPAL**

DECEMBRO 2015



ASUNTO: CARACTERISTICAS DAS NAVES OU LOCAIS PARA ALMACÉN MUNICIPAL.

Dadas as necesidades de almacenaxe do Concello para os distintos servizos municipais do Concello, tanto de material como de maquinaria; xa que os almacéns que este dispón en Fontoira, son insuficientes.

Dadas as necesidades de almacenaxe, este debe realizarse en dúas naves ou locais, para almacén municipal, dadas as necesidades de espazo para súas actividades, organización do almacenaxe e funcionamento.

LOTE A – NAVE 1.

Unha das naves ou local , debe ter unha superficie mínima de almacenamento de 700,00 m², na que poidan desenvolver o almacenaxe e garda de tractores, e permita as condicións de evacuación, iluminación e ventilación adecuados, debendo contar con portalóns no acceso ao mesmo de forma que permita a entrada de vehículos a seu interior e unha altura libre mínima de 3,00 m; con un orzamento máximo de licitación, con IVE incluído, de 69.696,00 €, para a totalidade da duración do contrato (3 anos).

LOTE B – NAVE 2.

A outra nave ou local , debe ter unha superficie mínima de almacenamento de 500,00 m², na que poidan desenvolver o almacenaxe e garda de tractores, e permita as condicións de evacuación, iluminación e ventilación adecuados, debendo contar con portalóns no acceso ao mesmo de forma que permita a entrada de vehículos a seu interior e unha altura libre mínima de 3,00 m; con un orzamento máximo de licitación, con IVE incluído, de 52.272,00 €, para a totalidade da duración do contrato (3 anos).



CONCELLO DE
SANXENXO
Departamento de Urbanismo


Rúa Consistorio, 4 – 6
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel. 986 720075
Fax 986 721022
urbanismo@sanxenxo.org

As naves ou locais, deberá estar dotado dos servizos de electricidade, iluminación e fontanería en condicións de que permita a instalación dos medios necesarios para o desenvolvemento do almacenaxe e actividade.

A nave ou local, deberá atoparse con fronte a vía pública pavimentada, e que permita un fácil acceso os usuarios e camións para acceso, carga e descarga dos medios almacenados; polo que sería convinde que a nave ou local dispuxera de parcela libre ao seu arredor, para as funcións de carga e descarga.

Sanxenxo a decembro de 2.015
O arquitecto municipal.



Rafael Vázquez Abal.